

## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS E UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS CULTURAI, EDUCATIVAS E ANÁLOGAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

### **Artigo 1º.- Natureza e fundamento**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 58 en relación co artigo 20 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatales e locais, e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Gondomar establece a Taxa por prestación de servicios e utilización de instalacións culturais, educativas e análogas de titularidade municipal, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta Taxa a asistencia a espectáculos musicais, teatrais, cinematográficos e outras manifestacións culturais celebradas no Auditorio Municipal ou en calquera outra instalación municipal, organizadas polo Concello.

### **Artigo 3º.- Suxeito Pasivo**

Son suxeitos pasivos desta Taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que constitúen o feito imponible desta Taxa.

### **Artigo 4º.- Beneficios fiscais**

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais na presente taxa que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados dos Tratados Internacionais.

### **Artigo 5º.- Responsables**

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 6º.- Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicia a prestación do servicio ou da actividade.

### **Artigo 7º.- Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no Anexo desta Ordenanza

### **Artigo 8º.- Liquidación e Recadación**

- A liquidación e recadación desta taxa realizaránse no mesmo momento de solicita-la prestación do servizo ou actividade, no lugar habilitado ó efecto, pero sempre antes do inicio da prestación.

- Se se realiza o servizo ou actividade sen mediar solicitude previa, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

### **Artigo 10º.- Infraccións e Sancións**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

## **ANEXO**

### **Tarifa**

	<u>Prezo por Persoa / función</u>
- Espectáculos dirixidos ó público infantil	2,44 €
- Representacións teatrais, espectáculos musicais, e actuacións artísticas en xeral :	
- Categoría I	3,67 €
- Categoría II	7,34 €

O Concello decidirá, con carácter previo á actuación, a categoría en que se encadra a mesma, en función da súa importancia, interese cultural ou caché dos artistas.

O contido desta Ordenanza, experimentou sucesivas modificacións que foron aprobadas, respectivamente, nas seguintes datas:

- 26/12/2002 (BOP 30/12/02)
- 31/10/2003 (BOP 30/12/03)
- 05/11/2004 (BOP 23/12/04)
- 08/11/2007 (BOP 27/02/08)
- 30/09/2008 (BOP 10/12/08)



## 2.—USO DAS PISTAS E DEMÁIS INSTALACIÓNS

— Importe por pista/ hora ..... 12,00

## 1.—Taxa por Ensinanzas Especiais nos establecementos docentes do concello

Modifícanse as Tarifas da Taxa, que figuran no Anexo á Ordenanza fiscal reguladora, a que se refire o artigo 5º da mesma, polo concepto de "Ensinanza de Música no Conservatorio de Gondomar", quedando establecidas do seguinte xeito:

## ENSINANZA OFICIAL DE MÚSICA NO CONSERVATORIO DE GONDOMAR

## Primeiro. Tarifas (en euros)

	1º membro da <u>unidade familiar</u>	2º membro da <u>unidade familiar</u>	3º e ss. <u>membros</u>
A) Curso completo de grao elemental	255,31	188,55	125,76
B) Por asignatura ou disciplina solta de grao elemental	83,81	62,85	41,84

## 1.—Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas

Modifícanse as tarifas contidas no apartado C) do artigo 6º da Ordenanza reguladora, que quedan establecidas nas seguintes contías en EUROS:

## C) Outros servizos e cotas.

	<u>IMPORTE (en euros)</u>
1.—Aliñacións e resantes, por m/l .....	0,41
2.—Inspección de obras que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade .....	21,00
3.—Inspección de actividades e instalacións, que se practiquen a instancia do titular da licenza ou por imperativo legal, por unidade .....	10,87
4.—Licenzas de parcelación urbanística ou normalización de terreos, por cada parcela resultante .....	45,54
5.—Transmisión de licenzas .....	25,22
6.—Realización polo concello de trámites necesarios ante Organismos Públicos alleos, previos á obtención dunha licenza. ....	16,80
7.—Autorizacións previas en só rústico común .....	42,07
8.—Solicitud de declaración de ruína .....	126,32
9.—Por tramitación de licenzas para movementos de terras, non incluídos noutros proxectos, por cada m2 de terreo afectado, .....	0,15
10.—Por colocación de carteis de propaganda, visibles dende a vía pública, por m2 de cartel e ano, .....	42,10
11.—Por tramitación de proxecto de execución que desenrole un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando o presuposto de execución coincida co presuposto básico .....	42,10